



**APERTURA EXTRAORDINARIA DO PRAZO DE SOLICITUDES PARA O
CURSO 2026/2027.
CASA NIÑO “ARROLOS”.**

O período extraordinario de solicitude de praza para a casa niño para o presente curso 2026/2027 abrangue do 2 ao 13 de Marzo, ambos inclusive.

Requisitos para optar a unha praza na casa niño:

- Ter unha idade comprendida entre os 3 meses e os 3 anos.*
- Estar en todo caso empadroados/as no concello de Beade ou nun limítrofe onde non existan recursos de atención á infancia de ata tres anos de idade ou, de existir, que os nenos/as estean en lista de agarda.*
- Acreditar o cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación.*

No suposto de que haxa unha demanda de prazas superior ás que se ofertan, terán prioridade os fillos/as das persoas titulares das casas niño, e de seguido, se as houber, os fillos/as de mulleres vítimas de violencia de xénero empadroadas no concello de Beade ou nun limítrofe onde non existan recursos de atención á infancia de ata tres anos de idade, a continuación as de irmáns/ás de nenos e nenas que xa están asistindo á casa niño e as de nenos e nenas empadroados/as no concello, por esta orde. De ser aínda necesario, aplicarase o baremo coas puntuacións establecidas no anexo V da ORDE do 30 de decembro de 2024 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a continuidade das casas niño que iniciasen a súa actividade entre o 1 de outubro de 2016 e o 31 de decembro de 2024.

Información no teléfono 679382624, documentación e presentación de solicitudes na propia casa niño (Rúa Porriñeira, nº4, Beade)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL



**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

Nota: Os/as nenos/as matriculados no curso 2025/2026 terán prioridade de renovación fronte a nenos/as de novo ingreso (sempre que reúnan os requisitos que deron lugar á obtención da praza).